



# **BANDO**

**DONA M<sup>a</sup> LUISA PIÑEIRO ARCOS, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE MORAÑA.**

**FAI SABER:**

A Xunta de Galicia, no marco da actual crise sanitaria do Covid-19, vén de publicar senllas ordes para a concesión de axudas no eido social destinadas a favorecer a conciliación laboral das familias nesta situación ante o peche provisional de escolas infantís e outros servizos por razóns de seguridade sanitaria.

- Orde de 11 de xuño de 2020 da Consellería de Política Social pola que se establecen as bases das axudas ás familias con nenas e nenos de ata 12 anos de idade para a conciliación na situación xenerada polo Covid-19 a través do **BOÑO COIDADO EXTRAORDINARIO**. (DOG 12 de xuño de 2020)

Destínase a familias con nenos nados con posterioridade ao 31 de agosto de 2007 e que non superen os 2.500€ mensuais de rendementos netos ou, de rebasalos, que non sexan superiores a 806€ per cápita.

Oriéntase á contratación de servizos de atención á infancia a domicilio, dunha persoa empregada do fogar para coidar aos cativos ou o pase a excedencia ou redución de xornada dalgún dos proxenitores.

A axuda poder alcanzar ata o 100% do custo cun límite máximo de 500€ MENSUAIS por cada unidade familiar beneficiaria.

***O prazo de solicitude remata o próximo 13 DE XULLO.***

- Resolución de 5 de xuño de 2020 da Secretaría Xeral de Igualdade pola que se establecen as bases que rexerán as **axudas á conciliación da vida familiar e laboral por redución da xornada de traballo**. (DOG 12 de xuño de 2020)

Destínase a persoas que, entre o 1 de xullo de 2019 e o 30 de xuño de 2020, se acollan á medida de redución de xornada para o coidado dun fillo menor de 3 anos ou de 12 no suposto de que padeza algúnsa discapacidade.

O período máximo subvencionable é de oito meses e as contías dependerán da porcentaxe de redución da xornada e da cifra de fillos a cargo, oscilando entre os 1.700 e os 3.700€.

***O prazo de solicitude remata o próximo 13 DE XULLO.***

Para recabar máis información ou recibir asesoramento pode acudir ao Concello de Moraña, con cita previa, ou chamar ao teléfono 986 553005.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**

---

**Concello de Moraña**

Rúa N 1, nº2. Santa Lucía, Moraña. 36660 (Pontevedra). Tfno. 986 553 005. Fax: 986 553442

N.º de Rexistro de Entidades Locais de Galicia: MU 2000/303 – C.I.F. P-3603200 A

